

BOLSA DE EMPREGO OPERARIOS/AS PEÓNS RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS 1º EXERCICIO

O órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Operario-Peón, integrado no grupo E, na sesión celebrada o día 25 de xuño de 2021, acordou, entre outras cousas, o seguinte:

"Procedemos, en primeiro lugar, a revisar as reclamacións presentadas por varios aspirantes en relación a distintas preguntas do exercicio, acordando o órgano de selección o seguinte:

Impúgnanse por parte de distintos aspirantes as preguntas nº 2, 4, 5, 6, 7, 10, 12, 14, 20 e a reserva nº 21, alegando razóns totalmente subxectivas sen que xustifiquen convenientemente as razóns polas que consideran que as preguntas deban ser anuladas ou alegando xustificacións que en nada desvirtúan a corrección das preguntas. A este respecto é de ter en conta que o órgano de selección para a determinación das preguntas que compoñían o exercicio axudouse de distintos textos de preparación de oposicións de editoriais totalmente independentes e de acceso a tódolos aspirantes (ADAMS, MAD, etc.), comprobando que as preguntas escollidas dos tests neles contidos eran correctas e se adaptaban ao temario. Aínda así, e á vista das reclamacións presentadas, procedemos a unha nova revisión das preguntas impugnadas, acordando por unanimidade que ningunha delas é susceptible de anulación por resultar correctas tanto na súa formulación como nas opcións de resposta e na considerada correcta, así como que todas elas están relacionadas co temario contido nas bases específicas reitoras do proceso selectivo. Ademais, en relación á pregunta reserva nº 21, é de ter en conta que non se avaliou, polo que en nada afectaría ao resultado do exercicio. Como consecuencia do anteriormente sinalado o órgano de selección, por unanimidade de tódolos seus membros, acorda desestimar as reclamacións presentadas."

O que se comunica aos efectos oportunos.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- Lucio C. Varela Borreguero

O PRESIDENTE DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.- Aurelio Adán Fernández

